

UNIDADE 7. EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN.

Πράξις 1

1. Traduce as seguintes frases, indicando a función sintáctica do relativo e a do seu antecedente:

- Λέγει ὅτι εὐδαιμονέστατός ἐστιν ὃς τοῦς σωφρονεστάτους φίλους ἔχει.
- Πεντήκοντα γὰρ ἔτη ἐστὶν ὅσα ὁ πατήρ τῆ πόλει ἐλητούργει.
- Θεομαχίας ὅσας Ὅμηρος πεποίηκεν οὐ παραδεκτέον (*ser admisible*) εἰς τὴν πόλιν.
- Θεοὺς μαρτύρεται οἷας ἀμοιβῆς ἐξ Ἰάσονος κυρεῖ.
- Ζεὺς δ' ἔστ' ἐκεῖ τις, ὃς νέους τίκει θεοῦς;
- Τόδε ἐστὶ τὸ ὄρος, ὃς τὸ Σάρδεων ἄστρῳ περιβάλλει.

2. Analiza os interrogativos e traduce as seguintes frases:

- Ἐν δὲ τῆ πόλει οὐ συνελάμβανον αὐτόν, ὅτι τὸ πρᾶγμα (*la conspiración*) οὐκ ἤδεσαν ὅποσον τὸ μέγεθος εἶη, καὶ ἀκοῦσαι πρῶτον ἐβούλοντο τοῦ Κινάδωνος οἵτινες εἶεν οἱ συμπράττοντες.
- Τίνες γὰρ ἦσαν οἱ πρὸ Σόλωνος ἐν Ἀρείῳ πάγῳ καταδικασθέντες, εἰ πρῶτος Σόλων ἔδωκε τῆ ἐξ Ἀρείου πάγου βουλῆ τὸ κρίνειν;
- Τίνες δ' ἔχουσι γαῖαν; ἢ θηρῶν γένος;
- Τίς δ' ἦδε χώρα καὶ τίνες ναίουσιν;

Πράξις 2

TEXTO

A CASA DUN ATENIENSE

A case totalidade das casas da Grecia clásica e helenística organízase ao redor dun patio. O seguinte texto móstranos a distribución dunha casa dun ateniense do século V-IV a.C.

Οἰκίδιον ἔστι μοι διπλοῦν, ὃ ἴσα ἔχει τὰ ἄνω τοῖς κάτω κατὰ τὴν γυναικωνίτιν καὶ κατὰ τὴν ἀνδρωνίτιν. Ἐπειδὴ δὲ τὸ παιδίον ἐγένετο ἡμῖν, ἡ μήτηρ αὐτοῦ ἐθήλαζεν· ἵνα δὲ μὴ κινδυνεύῃ κατὰ τῆς κλίμακος καταβαίνουσα, ὅποτε λοῦσθαι δέοι, ἐγὼ μὲν ἄνω διητώμην, αἱ δὲ γυναῖκες κάτω. Πολλάκις ἡ γυνὴ ἀπῆει κάτω καὶ ἐκάθευδε παρὰ τῷ παιδίῳ, ἵνα τὸν τιτθὸν αὐτῷ διδῶ καὶ μὴ βοᾷ.

Lisias, *Sobre a morte de Eratóstenes* 9-10 (adaptado)

1. Analiza e traduce o texto.
2. Busca no texto palabras da terceira declinación e indica o seu tema.
3. Declina o singular e o plural de γυνή.
4. Escribe palabras da nosa lingua relacionadas con: οἰκίδιον, ἴσα, παιδίον, γυνή, κλίμακος, ἄνω.
5. O texto fálanos dun matrimonio que ten un bebé, pero ¿que outras persoas viven na casa?

UNIDADE 7. EXERCICIOS DE AUTOAVALIACIÓN. SOLUCIONARIO

Πράξις 1

1. Traduce as seguintes frases, indicando a función sintáctica do relativo e a do seu antecedente:

- Λέγει ὅτι εὐδαιμονέστατός ἐστιν ὃς τοῦς σωφρονεστάτους φίλους ἔχει.
- Πεντήκοντα γὰρ ἔτη ἐστὶν ὅσα ὁ πατήρ τῇ πόλει ἐλητούργει.
- Θεομαχίας ὄσας Ὅμηρος πεποίηκεν οὐ παραδεκτέον (*ser admisible*) εἰς τὴν πόλιν.
- Θεοὺς μαρτύρεται οἷας ἀμοιβῆς ἐξ Ἰάσονος κυρεῖ.
- Ζεὺς δ' ἔστ' ἐκεῖ τις, ὃς νέους τίκτει θεοῦς;
- Τόδε ἐστὶ τὸ ὄρος, ὃ τὸ Σάρδεων ἄστρῳ περιβάλλει.

a) Relativo ὅς, suxeito; antecedente, ὁ Sx. omitido de ἐστίν.

Di que o máis feliz é quen ten os amigos máis sensatos.

b) Relativo ὅσα, CC de tempo; antecedente ἔτη, Sx.

Pois son cincuenta os anos que o meu pai serviu á cidade.

c) Relativo ὄσας, CD de πεποίηκεν; antecedente θεομαχίας, CD.

As teomaquias que Homero compuxo non son cousa admisible na cidade.

d) Relativo οἷας, CD, aquí en xenitivo de singular concordado, por atracción, co seu antecedente ἀμοιβῆς CC de causa de μαρτύρεται.

Pon os deuses por testemuña do pagamento que recibe de Xasón.

e) Relativo ὃς, Sx.; antecedente Ζεὺς, Sx.

¿Hai alí algún Zeus que xera deuses novos?

f) Relativo ὃ, Sx; antecedente τὸ ὄρος, Sx.

Este é o monte que rodea a cidade de Sardes.

2. Analiza os interrogativos e traduce as seguintes frases:

- Ἐν δὲ τῇ πόλει οὐ συνελάμβανον αὐτόν, ὅτι τὸ πρᾶγμα (*la conspiración*) οὐκ ἤδεσαν ὅπόσον τὸ μέγεθος εἶη, καὶ ἀκοῦσαι πρῶτον ἐβούλοντο τοῦ Κινάδωνος οἵτινες εἶεν οἱ συμπράττοντες.
- Τίνες γὰρ ἦσαν οἱ πρὸ Σόλωνος ἐν Ἀρείῳ πάγῳ καταδικασθέντες, εἰ πρῶτος Σόλων ἔδωκε τῇ ἐξ Ἀρείου πάγου βουλή τὸ κρίνειν;
- Τίνες δ' ἔχουσι γαῖαν; ἢ θηρῶν γένος;
- Τίς δ' ἦδε χώρα καὶ τίνες ναίουσιν;

a) ὅπόσον nom. sing. n. do pronome-adxectivo interrogativo indirecto ὅπόσος, aquí adxectivo interrogativo que introduce unha oración interrogativa indirecta, concerta con τὸ μέγεθος en función de suxeito desta.

Οἵτινες nom. pl. m. do pronome relativo-interrogativo ὅστις, introduce unha oración interrogativa indirecta da que é suxeito.

Non o detiveron na cidade, porque non sabían que magnitude tiña a conspiración, e querían oír primeiro a Cinadón quen eran os cómplices.

b) τίνες nom. pl. m. do interrogativo directo τίς, suxeito da oración interrogativa directa.

¿Quen eran os que condenaban no Areópago antes de Solón, se Solón foi o primeiro que concedeu ao consello do Areópago a capacidade de xulgar?

c) τίνες nom. pl. m. do interrogativo directo τίς, suxeito da oración interrogativa directa.

¿Quen posúen esta terra? ¿Acaso unha raza de feras?

d) τίς pron. interrogativo nom. sing. f., atributo; τίνες pronome interrogativo nom. pl. m. suxeito. Ambos os dous introducen oracións interrogativas directas.

¿Qué lugar é este e quen o habita?

Πράξις 2

A CASA DUN ATENIENSE

A case totalidade das casas da Grecia clásica e helenística organízase ao redor dun patio. O seguinte texto móstranos a distribución dunha casa dun ateniense do século V-IV a.C.

Οἰκίδιον ἔστι μοι διπλοῦν, ὃ ἴσα ἔχει τὰ ἄνω τοῖς κάτω κατὰ τὴν γυναικωνίτιν καὶ κατὰ τὴν ἀνδρωνίτιν. Ἐπειδὴ δὲ τὸ παιδίον ἐγένετο ἡμῖν, ἡ μήτηρ αὐτοῦ ἐθήλαζεν· ἵνα δὲ μὴ κινδυνεύῃ κατὰ τῆς κλίμακος καταβαίνουσα, ὅποτε λοῦσθαι δεῖοι, ἐγὼ μὲν ἄνω διητώμην, αἱ δὲ γυναῖκες κάτω. Πολλάκις ἡ γυνὴ ἀπήει κάτω καὶ ἐκάθευδε παρὰ τῷ παιδίῳ, ἵνα τὸν τιθὸν αὐτῷ διδῶ καὶ μὴ βοᾷ.

Lisias, *Sobre a morte de Eratóstenes* 9-10 (adaptado)

1. Analiza e traduce o texto.
2. Busca no texto palabras da terceira declinación e indica o seu tema.
3. Declina o singular e o plural de γυνή.
4. Escribe palabras da nosa lingua relacionadas con: οἰκίδιον, ἴσα, παιδίον, γυνή, κλίμακος, ἄνω.
5. O texto fálanos dun matrimonio que ten un bebé, pero ¿que outras persoas viven na casa?

1. Analiza e traduce o texto.

Despois de ler o texto con atención (polo menos dúas veces), separamos as oracións que o forman.

Οἰκίδιον ἔστι μοι διπλοῦν,

ten un dativo posesivo, así que, como viches antes nos usos do dativo, o verbo tradúcese por *ter*, o dativo posesivo pasa a ser suxeito de *ter* e οἰκίδιον, suxeito de ἔστι pasa a ser complemento directo de *ter*.

Teño unha casinha de dúas plantas.

ὃ ἴσα ἔχει τὰ ἄνω τοῖς κάτω κατὰ τὴν γυναικωνίτιν καὶ κατὰ τὴν ἀνδρωνίτιν.

É unha oración de relativo, o antecedente da cal é οἰκίδιον, substantivo neutro (por iso o relativo neutro ὃ). O CD de ἔχει é ἴσα τὰ ἄνω. τοῖς κάτω é o dativo complemento de ἴσα. ἄνω e κάτω son dous adverbios substantivados polos artigos τὰ e τοῖς respectivamente, que traduciremos por *as partes de*, é dicir, *as partes de arriba (superiores) iguais ás de abaixo (inferiores)*. κατὰ τὴν γυναικωνίτιν καὶ κατὰ τὴν ἀνδρωνίτιν son dous complementos circunstanciais.

que ten iguais as partes de arriba que as de abaixo no que respecta aos cuartos de mulleres e homes.

Ἐπειδὴ δὲ τὸ παιδίον ἐγένετο ἡμῖν,

é unha oración subordinada temporal introducida pola conxunción ἐπειδὴ e dependente de ἡ μήτηρ αὐτοῦ ἐθήλαζεν. O suxeito é τὸ παιδίον e ἡμῖν é un dativo simpatético (cf. o apartado C do dativo).

despois que nos naceu o neno (que naceu o noso fillo).

ἡ μήτηρ αὐτὸ ἐθήλαζεν

é a oración principal da que depende a temporal anterior. O CD αὐτὸ está en neutro porque se refire a παιδίον, que, a pesar de ser un neno, é de xénero neutro por tratarse dun recém nacido.

a súa nai criábao.

ἵνα δὲ μὴ κινδυνεύῃ κατὰ τῆς κλίμακος καταβαίνουσα

é unha oración final introducida por ἵνα e dependente da oración de ἐγὼ ... διητώμην. O suxeito de κινδυνεύῃ é ἡ μήτηρ, con quen concerta o participio de presente καταβαίνουσα, que expresa unha acción simultánea ao

verbo principal.

e para que non correse perigo ao baixar pola escaleira

ὅποτε λουῖσθαι δέοι,

é unha oración temporal introducida por ὅποτε e dependente da anterior, o verbo está en optativo sen ἄν porque expresa unha acción repetida no pasado.

cando o había que bañar,

ἐγὼ μὲν ἄνω διητώμην, αἱ δὲ γυναῖκες κάτω.

Son dúas oracións correlativas unidas por μέν e δέ das que depende a subordinada de ἵνα. Na tradución ignórase μέν, e δέ tradúcese por *e*.

eu vivía arriba e as mulleres abaixo.

πολλάκις ἡ γυνὴ ἀπῆει κάτω καὶ ἐκάθευδε παρὰ τῷ παιδίῳ,

CC Sx V CC V CC

moitas veces a miña muller baixaba e durmía co neno.

ἵνα τὸν τιτθὸν ἀὐτῷ διδῶ καὶ μὴ βοῶ.

conx. CD CI V V

Dúas oracións finais unidas por καὶ e introducidas pola conxunción ἵνα e dependentes ambas as dúas das copulativas anteriores. O suxeito de διδῶ é ἡ γυνή e o de βοῶ, τὸ παιδίον. O adverbio de negación habitual na subordinación é μή.

para darlle o peito e para que non chorase.

Agora vexamos a tradución no seu conxunto:

Teño unha casiña de dúas plantas, que ten iguais as partes de arriba que as de abaixo, en canto aos cuartos de mulleres e homes. Cando naceu o noso fillo, a súa nai criábao e, para que non correse perigo ao baixar pola escaleira cando o había que bañar, eu vivía arriba e as mulleres abaixo. Moitas veces a miña muller baixaba e durmía co neno, para darlle o peito e para que non chorase.

2. Busca no texto palabras da terceira declinación e indica o seu tema.

γυναικωνῖτιν tema en -δ.

ἀνδρωνῖτιν tema en -δ.

μήτηρ tema en -ρ.

κλίμακος tema en -κ.

γυναῖκες e γυνή temas γυνα- / γυναικ-.

3. Declina o singular e o plural de γυνή.

N.	γυνή	γυναῖκες
V	γύναι	γυναῖκες
A.	γυναῖκα	γυναῖκας
X.	γυναικός	γυναικῶν
D.	γυναικί	γυναιξί

4. Escribe palabras da nosa lingua relacionadas con: οἰκίδιον, διπλοῦν, ἴσα, παιδίον, γυνή, κλίμακος, ἄνω.

οἰκίδιον *economía, ecoloxía.*

διπλοῦν *diploma*.

ἴσα *isotermo, isosilábico*.

παιδίον *pedagogía, pediatra*.

γυνή *xineceo, xinecólogo*.

κλίμακος *climatérico*.

ἄνω *ánodo*.

5. O texto fálanos dun matrimonio que ten un bebé, pero ¿que outras persoas viven na casa?

Os escravos, que, aínda que formasen matrimonios, vivían en dependencias separadas da casa.